

ARTÍCULO ORIGINAL

A Igrexa nas prisións de Franco (1936-1945)¹

Domingo Rodríguez Teijeiro

teijeiro@uvigo.es

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Pontevedra
Universidade de Vigo

RESUMEN. El presente trabajo es una aproximación a la labor desarrollada por la Iglesia en las prisiones franquistas. Labor de carácter adoctrinador que pretende socializar a los reclusos, por definición contrarios a los postulados defendidos por la iglesia católica, en los que serán los principios fundamentales del nuevo régimen, las bases del nacional-catolicismo. Para describir este proceso, nos acercaremos al desarrollo de la práctica religiosa en el interior de los centros de reclusión y a los contenidos y mecanismos empleados en la propaganda. Como contraste, analizaremos también cómo era recibida esta propaganda por sus destinatarios, los presos, y a la imagen que nos transmiten de los religiosos y el papel que juegan dentro de las cárceles.

PALABRAS CLAVE. Franquismo, Iglesia, Ideología, adoctrinamiento, propaganda, represión.

ABSTRACT. The present work is an approach to the work developed by the Church in the francoist prisons. Work of indoctrination that it tries to socialize to the inmates, by definition opposite to the postulates defended by the catholic church, in which they will be the fundamental principles of the new regime, the bases of the national-catholicism. In order to describe this process, we will approach the development of the religious practice inside the imprisonment centers and the contents and mechanisms used in the propaganda. As it contrasts, we will also analyze how she was received this propaganda by its addressees, the prisoners, and to the image that they transmit to us of the religious and the paper that play within the jails.

KEY WORDS. Francoism, Church, Ideology, indoctrination, propaganda, repression.

Fecha de recepción 26/03/2009 · Fecha de aceptación 24/04/2009
 Correspondencia : Domingo Rodríguez Teijeiro
 teijeiro@uvigo.es
 Universidade de Vigo
 España

1. INTRODUCCIÓN

A relixión, a súa práctica e apoloxética, constitúe un elemento destacado da vida e do réxime no interior das prisións franquistas. O ensino da relixión ocupará un lugar sobresaínte, convertida en auténtica materia chave, no sistema educativo que se crea nos centros de reclusión e o seu coñecemento será imprescindible para acceder á liberdade condicional ou ó sistema de redención de penas polo traballo. Neste último caso chegarase a establecer que os directores das prisións non formulen propostas de liberdade condicional sen que a elas acompañese o informe do capelán certificando que o recluso posúe a instrución mínima relixiosa². Ademais, o estudo do catecismo convértese en materia transversal que se debe impartir en todos os graos do sistema educativo polo menos durante media hora diaria, porque, como se recordará aos responsables das prisións, “la enseñanza del catecismo en el Nuevo Estado es obligatoria y de carácter preferente”³. Pero, por si mesma, a Igrexa organizará outro tipo de actividades que “se encaminan directamente a la santificación del recluso y exigen la potestad de orden, o sea, que quien la lleve a efecto sea ordenado sacerdote, como son la santa misa y la administración de los sacramentos”⁴. Un tipo de actividades que podemos definir como a práctica relixiosa, pero que cumpren unha importante función ideolóxica e propagandística, destinada á socialización dos vencidos –por definición, anticatólicos– nos que serán os principios básicos da ideoloxía do novo Réxime, o nacionalcatolicismo.

Os capeláns das prisións estaban autorizados a “emplear todos los medios de conquista que les sugiera su celo” para conseguir a reconquista espiritual do recluso e que inclúen desde o trato íntimo cos presos e a organización de festividades relixiosas, ata a asistencia aos condenados á morte durante as súas últimas horas, pasando pola celebración de catequeses, misións ou ciclos de conferencias. Unha tarefa na que non deixará de ter importancia a axuda que prestan diversas organizacións de segres que desenvolven o seu labor no ámbito penal.

Ao estudo deses dous aspectos –a práctica e a propaganda– dedicamos as páxinas que seguen. Convén ter presente que será sobre os orzamentos da ideoloxía católica e, de xeito especial, sobre o

concepto de redimibilidade dos reclusos, sobre os que se edifique todo o armazón ideolóxico destinado a xustificar o sistema penal franquista, o que dará un enorme poder á Igrexa no tocante á súa configuración e funcionamento diario.

2. A PRÁCTICA RELIXIOSA

Nos primeiros meses da guerra, nalgúns meses de prisións, quizá porque se mantén en vigor a lexislación republicana en materia penal, a relixión non ocupa un lugar destacado na vida cotiá. Na prisión Provincial de Lugo, por exemplo, a vida desenvólvese “sen advertirse o menor sinal de relixiosidade, coma se tanto os empregados como os reclusos fósemos ateos ou polo menos non practicantes de ningún credo” (Sanz, 1986, p. 113). Con todo, a finais de 1936, coincidindo co restablecemento do *Reglamento* de prisións de 1930, pero tamén coa manifestación de apoio aos sublevados da Xerarquía eclesiástica, as cousas comezan a cambiar. A principios de decembro, a Inspección Delegada de Prisións aínda pode responder á solicitude presentada polo capelán, en situación de excedencia forzosa, da prisión Provincial de Ourense que si “poseído por su celo religioso, desea dirigir y realizar las prácticas de su sacerdocio en este establecimiento no existe inconveniente al efecto”, pero que mentres non se faga pública unha norma readmitíndoo ao servizo non pode incluílo na nómina da prisión e, xa que logo, acceder ao pago da diferenza entre os seus haberes de excedencia e os de activo que solicitaba⁵; pero apenas un mes máis tarde xa se fai obrigatoria nas prisións a asistencia a misa os domingos e festivos. Aínda que inicialmente moitos dos sacerdotes non parecen convencidos da nova misión que teñen encomendada, así, na prisión Provincial de Lugo que antes citamos, “el sacerdote realizaba su misión mecánicamente, a toda velocidad, como si estuviera cumpliendo un desagradable compromiso, que debía terminar sin pérdida de tiempo, de modo rapidísimo. Y tan rápida era la Misa que, con explicación del Evangelio y todo, apenas duraba quince minutos” (Sanz, 1986, p. 114).

Con todo, moi pronto as festividades relixiosas convértense en eixo central da vida nas prisións. As misas e actos de todo tipo, nos que os reclusos participan de bo grado ou á forza, serán tan habituais que case se pode considerar que entran a formar parte do réxime e horario dos centros de reclusión. A festa da patroa das prisións, a Virxe da Mercé, será unha data sinalada que se celebra sempre coa maior solemnidade posible. Por exemplo, na Prisión Central de Celanova, en setembro de 1939,

os reclusos son os que constrúen o altar destinado á imaxe da Virxe, adquirida por subscrición entre os presos e, para a festa, ensaian cadros artísticos e de declamación, actúan o orfeón e a rondalla da prisión, ademais de organizarse competicións deportivas.

Nalgunhas prisións dedicárase un mes enteiro ao “santo rosario”, con rezo diario, finalizando “con exposición de su divina majestad y sermón”; o que non significa que durante o resto do ano non se rece, por exemplo, para celebrar o día de Defuntos, “en sufragio de los familiares fallecidos a los reclusos”⁶. A celebración de misas por destacadas figuras honradas polo réxime será tamén algo habitual e, así, o aniversario de Calvo Sotelo durante a guerra, ou o de José Antonio logo de finalizada esta, serán momentos destacados nos que se funde – aínda máis, se tal cousa é posible – o relixioso e o patriótico. Neste sentido, un dos actos que maior relevancia alcanza en todas as prisións será o que se celebra en memoria do Pai Pérez del Pulgar, falecido a finais de 1939. Sirva como exemplo a descrición do que tivo lugar na prisión Provincial de Ourense que facía o correspondente de *Redención* (aínda que a crónica non sería finalmente publicada no semanario):

El día primero del actual se ha celebrado en la Prisión Provincial de Orense un solemne acto fúnebre por el alma del Rvdo. P. Pérez del Pulgar, alma mater de nuestro Patronato Central de Redención y estrechamente vinculado por fraternidad cristiana y amor al caído, a los sufrimientos de los reclusos españoles.

En el centro del patio principal del Establecimiento se erigió un severo túmulo, frente al altar situado en la arcada central. La población reclusa en formación perfecta, con fervorosa atención y con evidentes muestras de sentimiento, oyó la Santa Misa que fue oficiada por RR.PP. Franciscanos y en la que actuó brillantemente la masa coral de la Prisión, siempre magistralmente dirigida por Luis Brage. Asistieron al Santo Sacrificio los Excmos Srs. Gobernadores Militar y Civil, Presidente de la Audiencia, Delegado de Orden Público y de Frontera y otras autoridades provinciales y locales, como asimismo nutridas representaciones de las órdenes religiosas de esta ciudad, un emisario del señor Obispo de la Diócesis y distinguidas personalidades de la capital.

Al final, Autoridades, invitados y reclusos brazo en alto entonaron los himnos patrióticos y el Nacional, dando a continuación los gritos de rigor. El acto resultó conmovedor y solemne.

Por la tarde el señor director se dirigió a los reclusos en breves pero certeras y emocionadas

frases destacando la figura ingente del R.P. Pérez del Pulgar ya en el campo científico como en el religioso y social. Hizo un bosquejo de la labor desarrollada por el sabio jesuita fallecido, al frente del Patronato Central de Redención de las Penas por el Trabajo, remarcando cómo esta institución, genuinamente española, señala un hito avanzado en la ciencia penitenciaria universal. Glosó fugazmente alguna de las obras científicas del P. Pérez del Pulgar y señaló con emocionadas palabras la pérdida que significa para los presos españoles y en general para la patria la figura por tantas razones prócer del religioso jesuita que entregó su alma a Aquél a quien había consagrado acendradamente su vida. Las palabras del señor director fueron escuchadas con marcada atención por todos los reclusos que gustaron unos momentos de un tema para ellos tan atrayente presentado en frases sencillas pero elocuentes.

Orense, 2º de Diciembre de 1939.

Año de la victoria.

El Corresponsal.

Pero os reclusos non só participarán nos actos relixiosos que se celebran no interior da prisión, senón que tamén nas festas patronais da localidade onde se sitúa aquela desempeñarán un papel activo e destacado. En 1939, con ocasión do Corpus, a festa patronal da vila de Celanova, os presos son autorizados a asomarse ás fiestras “arrojando flores sobre la custodia”, e cando a procesión detense nun altar improvisado diante da prisión o coro interpreta diferentes composicións relixiosas, finalizando o acto coa interpretación pola banda municipal do himno nacional “que fue escuchado, brazo en alto por el pueblo y los reclusos” e a bendición do sacerdote aos presos. Para celebrar esta mesma festa, o coro da Colonia Penal de San Simón é autorizado a saír do centro para tomar parte na misa e procesión que se celebra na vila de Redondela. E tamén na prisión Central de Cuéllar os 53 compoñentes do coro saen da prisión para participar nos actos relixiosos desta festividade⁷. Do mesmo xeito, as procesións de semana santa teñen unha parada obrigada diante das reixas das prisións para que os reclusos poidan participar nelas⁸.

Xunto ás diferentes cerimonia litúrxicas, o conseguir que o maior número de reclusos reciba os sacramentos será outro dos obxectivos da igrexa no interior dos centros de reclusión. Os bautizos e matrimonios entran dentro da tarefa rexeneradora, como reacción contra o laicismo republicano, pero, sobre todo, constitúen un elemento importante de

propaganda e outra forma de imposición ideolóxica. Os matrimonios canónicos que celebran os reclusos serán convenientemente publicitados a través do Semanario *Redención*. Non cabe ver nestes actos un auténtico convencemento por parte dos reclusos, senón que, na maior parte das ocasións, constitúe unha estratexia para poder estar aínda que só sexa un momento coa esposa ou o marido; o medo a perder as poucas comunicacións de que dispoñen os presos tamén xoga un papel importante, xa que os sacerdotes utilizaban a ameaza de non permitir a visita das esposas ao non recoñecelas como tales (López García, 1992, p. 105). Pola súa banda, os bautizos revestíanse dunha importante carga simbólica e, ademais de actuar como padriños os funcionarios das prisións, os nenos recibían nomes de figuras de Falanxe, así, M^a Paz e Xullo convértense en habituais. Un simbolismo aínda maior no caso de que o bautizado fose un adulto⁹.

A atención ás prácticas externas do culto centrará de tal modo a actividade dos capeláns que, en moitas ocasións, chégase a considerar que a súa única función consiste en conseguir que o maior número de presos reciba os sacramentos. Un interese que se transforma en auténtica obsesión no caso dos condenados á morte xa que, como sinala Martín Torrent, “toda la labor espiritual de las cárceles va encaminada a preparar las almas para ese momento definitivo y último”. Condenados que ademais gozan, segundo o capelán da prisión de Barcelona, dun privilexio que non está ao alcance de todos os homes: coñecer o momento exacto da súa morte, “¿Puede darse una gracia mayor para un alma que haya andado en su vida apartada de Dios?...”¹⁰. Este coñecemento, que tamén posúen os capeláns de prisións, desata unha auténtica carreira para conseguir o seu arrepentimento. Antes do final da guerra o Servizo Nacional de Prisións ordena que en todos os centros de reclusión, dentro das posibilidades que ofrezca a estrutura do edificio, se adecúe un espazo a modo de capela na cal os condenados á morte poidan recibir a preparación relixiosa necesaria, poñendo todas as facilidades para que os capeláns poidan desenvolver este labor. O cal non quere dicir que con anterioridade os condenados á morte non recibisen asistencia relixiosa antes da súa execución.

A experiencia de Martín Torrent como capelán da Prisión Celular de Barcelona lévalle a establecer catro grupos entre os reclusos que entran en capela antes da súa execución: os que teñen unha sólida formación relixiosa, que manifestan unha

conduta conmovedora e exemplar, grupo que cifra ao redor dun 10% do total; outro 40% dos condenados ten unha formación relixiosa pouco profunda e, aínda que sobre eles realízase todo o labor espiritual posible, queda a dúbida sobre cal será a súa reacción; o terceiro grupo estaría composto por reclusos de escasa formación cultural, ignorantes, nos que “pese a toda nuestra buena voluntad, la labor espiritual queda prendida con alfileres”; o último grupo de condenados á morte sería o daqueles “espíritus reconcentrados o, por el contrario, excesivamente exaltados” e a única relación que podería establecer o capelán con eles reducíase aos favores persoais que fose posible facerlles. Aínda que non ofrece a porcentaxe de reclusos que conforman cada un dos dous últimos grupos (se ben sinala que o último sería “muy escaso”), en conxunto suman un 50% dos condenados á morte, e a pesar diso, a porcentaxe dos arrepentidos elévao ata o 85% (Torrent, 1942, p. 74). Esta obsesión por confesar e facer comulgar aos condenados á morte será denunciada ata por algúns dos xesuítas encargados de realizar misións apostólicas entre os presos, sinalando que en moitas ocasións a confección destas estatísticas parece ser a única meta que se marcaron os capeláns das prisións, sen ter en conta para nada ós propios condenados.

Pero a elaboración de estatísticas non se limitará unicamente a contabilizar a porcentaxe de arrepentimento dos condenados á morte. Anualmente, os capeláns deben responder a un cuestionario enviado polo vogal eclesiástico do Padroado no que teñen que dar conta de todas as actividades de carácter relixioso desenvolvidas na prisión. Pretendíase un coñecemento preciso do número de bautizos, primeiras comunións, matrimonios, falecidos e executados (con sacramentos e sen eles), as misións celebradas, a visitas de prelados e autoridades eclesiásticas, índice de cumprimento do precepto pascual, conferencias relixiosas impartidas polo capelán e os funcionarios e temas tratados, festas relixiosas, catequeses, círculos de estudos, existencia de agrupacións artísticas e necesidades máis urxentes para o culto. A partir destes datos elabóranse os cadros estatísticos que aparecen de cando en vez no semanario *Redención* e que ocupan un lugar destacado nas Memorias do Padroado.

Outro aspecto que permite apreciar a preocupación prioritaria que se presta aos aspectos externos da relixión será a atención especial que nas prisións recibe a represión da blasfemia. O castigo deste tipo de expresións constitúe unha boa parte das

represións que impoñen as Xuntas de Disciplina, e será realmente rechamante o carácter exemplarizante que adquiren este tipo de sancións. En 1939 o Servizo Nacional de Prisións mostraba o seu desgusto aos xestores dos centros penais porque nalgunhas “no solamente se tolera o estimula la blasfemia” por parte dos reclusos, que non reciben correctivo algún, senón que constitúe tamén un costume estendido entre os funcionarios e subalternos “que desmoralizan y alientan con su mal ejemplo a los peores elementos de la población reclusa”. A blasfemia, que na vida cotiá equipárase cun delito contra a seguridade do Estado convértese, no caso dos funcionarios, en “desafección al Glorioso Movimiento Nacional”, sendo considerados “como enemigos de los principios en que este se inspiró e incompatibles con el régimen de la Nueva España” e severamente sancionados por este comportamento¹¹. Pouco despois, en relación aos reclusos establécese que aqueles que profiran unha blasfemia serán sancionados, a primeira vez, con privación de comunicación oral e escrita por tempo ilimitado “hasta que se aprecie su arrepentimiento” e no caso dos reincidentes, ademais de aplicarse algunha das correccións recollidas no art. 100 do *Reglamento*, quedarán inhabilitados para acceder á liberdade condicional e ao sistema de redención de penas polo traballo, orde que debería lerse todos os primeiros de mes á poboación recluída formada¹².

Pero non só a blasfemia, senón calquera tipo de manifestación que se poida interpretar como contraria á relixión católica será obxecto dunha represión rigorosa: o facer comentarios contra o cumprimento do precepto pascual ou negarse publicamente a aprender o catecismo, polo exemplo negativo que puidesen ter estas actitudes sobre o resto da poboación reclusa, levarán a que estes presos sexan enviados, a partir de 1942, a unha brigada especial de perigosos que se crea na Prisión Central de Burgos, considerándoos “irrecuperables”. Este departamento especial constitúese con aqueles presos que “desvirtúan el trabajo regenerador que se realiza, a través de la exposición de doctrinas erróneas” e que realizan unha campaña sistemática para facer “la vida imposible a aquellos reclusos que llevan una vida más piadosa o están desengañados de los ideales marxistas”¹³.

3. PROPAGANDA E APOLOXÉTICA: O APOSTOLADO SEGRAR

Na conferencia que imparte na Escola de Estudos Penais, en novembro de 1940, o vogal eclesiástico do Padroado, o sacerdote Ignacio de

Zulueta e Pereda Vivanco, sinala que, xunto ás actividades que constitúen a práctica relixiosa, unha tarefa fundamental da Igrexa nas prisións consiste en “la conquista espiritual de las almas de los presos”. Os instrumentos empregados nesta tarefa serán a predicación, a catequese, as misións e os exercicios espirituais; a través deles debería conseguirse que ningún recluso saíse en liberdade sen un bo coñecemento da doutrina cristiá, tratando de que “todos voluntariamente se esfuerzen por aprenderla”. Para alcanzar este obxectivo, un primeiro paso consistirá en facer que os presos non estean ociosos, o que podería levar a empregar o tempo en “alimentar el odio y a corromperse en su vida moral” e, como non é posible que todos os reclusos exerciten algún traballo manual, debe intensificarse o traballo intelectual e a creación de escolas nas prisións, complementadas con actividades artísticas, entre as que destacan as musicais. Pero isto por si só non é suficiente, como complemento, en todas as prisións impártense ciclos de conferencias e, onde o volume de poboación reclusa impide o contacto directo entre o conferenciante e o seu auditorio, instálanse altofalantes que permitan que as palabras do orador cheguen a todos os reclusos e todos os recunchos da prisión.

Esta tarefa de conquistar aos presos para a relixión católica debe apoiarse tamén no papel, considerado fundamental, que están destinados a xogar os funcionarios de prisións. Estes non só deben axudar a que se desenvolvan sen dificultades todas as tarefas e actividades que competen en exclusiva á igrexa, senón que tamén se lles esixe que prediquen co exemplo: as súas crenzas non deben ser finxidas “sino alma de vuestra vida informándola en todos sus momentos y manifestaciones”, entre outras cousas, asistindo a misa os días festivos “con tal compostura y devoción que induzca a los reclusos a imitaros”.

Ao vogal eclesiástico preocúpalle, sobre todo, a existencia nos centros de reclusión de “personas de gran cultura que deberían ser elementos directivos de la sociedad, pero que su deficiente formación les desvió”. Este tipo de reclusos é considerado como un auténtico perigo polo seu importante prestixio profesional e convértense en obxectivo prioritario que hai que conquistar por forza; para iso débese opor á súa formación e cultura, eminentemente laica, outra de carácter cristián e español, e de ser necesario deberíanse constituír “Círculos de Estudios” nos que estes reclusos poderían entrar en contacto con persoas coa capacidade suficiente para “vencerles en el terreno

científico y de convencerles en el terreno doctrinal”. Da conversión deste tipo de presos esperábase obter un importante rendemento de carácter propagandístico: a través do seu exemplo sería máis fácil convencer aos menos preparados cultural e ideoloxicamente¹⁴.

Dentro dese conxunto de reclusos especiais, os masóns serán o obxecto da atención prioritaria dos capeláns, pero, por riba de todo, dos misioneiros Xesuítas. O declarado laicismo dos pertencentes a esta sociedade secreta fai que a súa conversión transfórtese nun auténtico trofeo para aqueles que o consigan e, desde logo, nun exemplo de peso indubidable que presentar ante o resto da poboación reclusa. Na prisión Central de Burgos, por exemplo, organizaranse exercicios espirituais para os masóns, nun frío salón da parte alta do edificio onde os xesuítas se relevan na súa plática durante “horas y horas que teníamos que soportar a pie firme”, sermóns que sempre terminaban coas mesmas palabras: “ya estaréis convencidos y arrepentidos de pertenecer a esa excomulgada secta masónica, culpable de todos los males de nuestra querida patria (...), pero nuestro glorioso Caudillo es magnánimo y desea poner en libertad a todos los que se confiesen y hagan retractación canónica. Si queréis regresar a vuestros hogares, os esperamos en el confesionario” (DÍAZ CABRERA, 1989, p. 108). Pero non son só eles, calquera manifestación de ateísmo é perseguida e quen se declara como tales veranse sometidos a un incesante labor de proselitismo. Por exemplo, na prisión de mulleres de Saturrarán ás recentemente chegadas preguntáraselles a relixión que profesan e practicamente todas optan por declararse católicas; pero as que manifestan ser ateas, cando o resto das súas compañeiras acoden a misa son obrigadas a reunirse cunha monxa “que las aleccionaba sobre cuestiones de la Santa Religión”, e sería tal a insistencia e o ton desta monxa que, para librarse dela, finalmente acabarían por declararse católicas xa que isto só implicaba a asistencia obrigatoria a misa (Ríos, 1986, p. 152)¹⁵.

O apostolado seglar xogará un papel destacado dentro desta tarefa de reconquista e será unha realidade moi temperá nas prisións, practicamente desde o mesmo momento en que, a comezos de 1937, establécese a obrigatoriedade dos actos relixiosos. En Ourense, por exemplo, será a Unión Diocesana da Confederación de Mulleres Católicas a que solicite, en febreiro dese ano, autorización para que un sacerdote visite a prisión coa tarefa de impartir conferencias relixiosas ós

reclusos. Detrás desta solicitude xa aparece a man do Bispo, quen designará ao sacerdote en cuestión. Con todo, a aceptación desta proposta non será inmediata, pois o director da prisión dará traslado da solicitude á Comisión de Xustiza da Xunta Técnica e esta concederá a autorización non polo seu carácter, senón porque está en concordancia co disposto no artigo 217 do *Reglamento*. Este artigo prohibía as iniciativas de persoas illadas no exercicio do patrocinio sobre os reclusos, salvo no caso en que non existisen na localidade institucións de padroado (non sabemos se con anterioridade a Unión Diocesana exercía o padroado sobre os reclusos da provincial pero, a partir de entón recoñéceselle esta capacidade) e recordábase á dirección do centro a necesidade de atermos ao disposto no artigo 164, que establecía o modo e horario que debía seguirse para a realización de ciclos de conferencias e os contidos destas¹⁶.

Co paso do tempo irán desaparecendo estas prevencións regulamentarias e a colaboración dos segrares, especialmente os pertencentes á Acción Católica, cobrará unha gran importancia desde o final da guerra. Na memoria do Padroado correspondente a 1940 sinalábase que a propaganda relixiosa nas prisións fora perfeccionada no último ano coa participación de grupos segrares de Acción Católica: ao longo dese ano impartíronse 8.592 conferencias de “cultura relixiosa” polos 210 capeláns de prisións existentes e outras 799 conferencias “especiais” pronunciadas por sacerdotes non capeláns (Patronato Central para la Redención de las Penas por el Trabajo, 1941, p. 7).

En xaneiro de 1941, Manuel Aparici Navarro, Presidente da *Juventud de Acción Católica*, imparte unha conferencia na Escola de Estudos Penitenciarios na que glosa a doutrina e defende a conveniencia da colaboración desta institución co corpo de prisións. Logo de comparar aos funcionarios de prisións cos alféreces provisionais do exército franquista –moitos deles fórono–, interpretaba a guerra en clave de cruzada, “luchamos porque la sombra de la cruz amparara a todas las Instituciones de la vida española”, con todo a vitoria alcanzada non sería completa ata que “esa cruz, signo de la redención de Cristo, no se afirme en los corazones de todos los españoles”; a cruzada permitiría desarmar materialmente a aqueles que se levantaron contra Deus e contra España, pero non se alcanzarían os seus obxectivos se, como dicía o propio Franco, non se procedese a “elevarlos, purificarlos e ennoblecerlos” e para conseguir isto só

hai un camiño: substituír o ateísmo materialista polo espiritualismo cristián, “venciendo al odio con el amor”.

Esa tarefa de “regenerar a los que un día fueron enemigos de España”, que é a que debe levar a cabo no interior das prisións, quizá estivese condenada ao fracaso sen a colaboración dos seglares de Acción Católica. O labor dos capeláns ou dos funcionarios de prisións non é percibida como espontánea polos reclusos e, en consecuencia, non poden crela “índice del sentir de la sociedad”; tampouco é suficiente que Franco como Caudillo e a Igrexa crean na capacidade de rexeneración dos presos para convencelos. É imprescindible a intervención dos segares da Acción Católica por que eles si que poden dar probas aos reclusos da súa espontaneidade e liberdade, sensibilizando aos presos da “existencia de ese sentir español, de ese sentir católico”. Pero tamén ten a Acción Católica unha función que cumprir en relación coa sociedade española: convencela de que os vencidos poden rexenerarse, unha posibilidade que se considera que existe porque xa se deron casos de rexeneración; entre presos rexenerados e sociedade corresponde aos segares unha tarefa de enlace, para facilitar esa reincorporación á súa patria e para que non volvan reincidir.

Os instrumentos deste labor de apostolado indicounos o papa Pío XII ao final da guerra ao sinalar que sobre os vencidos a tarefa debe consistir en orar por eles, buscalos e conducilos de novo “al seno regenerador de la Iglesia y al tierno regazo de la patria”. Pero logo de devolvelos á Igrexa, dándolles a coñecer a súa grandeza e caridade, tamén hai que facerlles retornar á Patria, e o modo de conseguir isto xa o sinalou o P. Pérez del Pulgar:

“hay que darles a conocer a España, a España como madre, que les ha dado el ser en lo físico, que les ha visto en peligro de perecer (...) y que, como buena madre, ha tenido que aplicarles un remedio doloroso también, pero necesario, que espera en ellos, que necesita de ellos para alcanzar toda su grandeza”¹⁷.

E a este labor lanzaranse con entusiasmo os segares de Acción Católica e, cabe pensar que moi especialmente, da Mocidade desta organización dirixida por Aparici. Aos cárceres de mulleres comezarán a chegar “señoras muy respetables, bien alimentadas, bien vestidas, con relucientes trajes negros; sus cadenitas, anillos y pendientes de oro”, un aspecto que facía imposible aquela aparencia de espontaneidade reclamada como vantaxe por

Aparici; mulleres que din ás presas “hermosas frases de consuelo y caridad cristiana, de resignación de recompensa en la otra vida” pero que as súas destinatarias entenden como ocas, carentes de contido e, sobre todo, fóra de lugar ditas por mulleres “que no conocen el hambre, ni el miedo ni la miseria” que sofren as mulleres encarceradas (Ríos, 1986, p. 193). Nos cárceres de homes, o contido do apostolado non debía ser moi diferente do organizado polo Bispo da diocese de Málaga dirixido aos cárceres e, o que non deixa de ser significativo, ás fábricas. Aquí as charlas centrábanse en destacar a nobreza do traballo manual á vez que se defende a inevitabilidade e necesidade da pobreza. A resignación, disciplina e traballo duro preséntanse como elevadas virtudes patrióticas que se opoñen ao egoísmo, a violencia e a anarquía que serían características do bando republicano durante a guerra. No mundo debe haber pobres e ricos, e ser pobre é algo natural e querido por Deus, en consecuencia hai que resignase a esa situación, que só pode ser paliada pola misericordia dos ricos (Casanova, 2000, p. 38). Xunto coa palabra de Deus, este apostolado segrar pretende transmitir tamén aos reclusos a ideoloxía social do novo estado, unha ideoloxía que se trata de impor aos vencidos pero que tamén alcanza aos sectores menos favorecidos da sociedade onde prevalecen conceptos e consignas como as de disciplina, servizo, obediencia, submisión, paciencia, ou resignación (Eiroa Sanfrancisco, 1995).

Máis aló deste labor propagandístico, os segares de Acción Católica entrarán a formar parte do sistema de redención de penas, na súa vertente de traballo intelectual, axudando aos capeláns no labor de catequese que se pon en marcha en todos os centros de reclusión. Para que esta tarefa obteña os resultados agardados polo Padroado, enviaranse a todos os capeláns de prisións unhas extensas “indicacións” nas que se establecen as normas que deben cumprir quen desexen colaborar nesta modalidade de apostolado, as condicións que se esixen a estas persoas e tamén o que non debe facerse nesta labor; terminan as indicacións con algunhas aclaracións respecto da aplicación do Decreto de redención de penas por instrución relixiosa ou cultural.

Da súa lectura parece deducirse que se para falar aos presos, a simple pertenza a Acción Católica ou a outro tipo de asociacións de carácter relixioso é garantía suficiente para o Padroado, en cambio, cando o ensino relixioso intégrase no sistema de redención de pena, neste labor unicamente admítase

a persoas capacitadas e coas suficientes garantías. Segundo isto, esixírase dos voluntarios a presentación de dous avais asinados por persoas “de toda solvencia, moral, relixiosa y patriótica” que respondan sobre a honorabilidade do candidato, ademais da garantía relixiosa que deberá proporcionar o ordinario da diocese. Estes voluntarios teñen que prepararse concienzudamente antes de cada unha das súas visitas ao cárcere, creándose para esta finalidade grupos dirixidos polas autoridades eclesiásticas que serán as encargadas de ensinar o programa que se impartirá, orientarán sobre os casos que puidesen producirse e, ata, tratarán aquelas obxeccións que poidan presentar os reclusos. Ademais do contido, o exemplo tamén é importante e dos catequistas esíxese “vida sobrenatural, intensamente vivida, obediencia exacta, disciplina estricta, acuerdo unánime, constancia, puntualidad y trabajo serio”. O trato cos presos será correcto e rexido pola caridade, a delicadeza, amabilidade e dignidade, de modo que estes poidan atopar no catequista o espírito de Cristo que, tamén, debe ser a guía da súa actuación.

Con todo, estes catequistas terán prohibido calquera tipo de trato íntimo cos reclusos. Non poderán entrar nas galerías sen a correspondente autorización e debidamente acompañados; tampouco dar ou recibir obxectos ou realizar encargos dos reclusos; estalles prohibido indagar as causas das condenas ou detención, discutir con eles de relixión nin política; nin falar de persoas, institucións ou feitos do presente “aunque tenga sus defectos y aspectos mejorables”; non poderán introducir noticias que poidan levantar o ánimo ou sexan causa de inquietude entre os reclusos. Nin que dicir ten que aos catequistas estalles terminantemente prohibido comentar no exterior o que ocorre no interior dos cárceres.

As anteriores normas parecen reducir a misión da Acción Católica á colaboración cos capeláns das prisións no ensino do catecismo aos reclusos. O que non significa que se poña fin ás charlas ou sermóns de contido relixioso e moralizante impartidos por diversas personalidades vinculadas á Igrexa ou a algunha das súas moitas organizacións. Sempre que se presenta a oportunidade esta será aproveitada, como, por exemplo, con ocasión dunha visita que o propagandista José María Lamamié de Clairac realiza á cidade de Lugo, na que será invitado a dar unha conferencia na prisión Provincial e os sermóns

que imparte na novena da Inmaculada Concepción serán retransmitidos radiofónicamente á cadea¹⁸.

Nalgúns centros pónese en marcha todo un programa de conferencias apoloxéticas e de explicación do catecismo. Este é o caso da prisión Escola de Madrid onde, unha vez ao día organízase algunha conferencia deste tipo en cada galería, no hospital e na enfermería que serven para complementar a glosa do evanxeo que todos os sábados realízase a través da radio instalada na prisión e que chega deste xeito á totalidade da poboación recluída (Prisión Escuela de Madrid, 1943, p. 38). Tamén na prisión Modelo de Barcelona recórrese á instalación dunha rede de altofalantes que para o capelán, o pai Martin Torrent, significaba ver colmados os seus desexos, xa que deste xeito dúas veces á semana impártense conferencias aos reclusos, unha delas destinada a realizar unha exposición doutrinal e a outra a comentarios sobre o evanxeo (Torrent, 1942, p. 63).

Así as cousas, os reclusos apenas teñen un momento de descanso e hai ocasións en que parece non quedar tempo para outra cousa que a meditación e a penitencia. Na Colonia Penitenciaria de San Simón, cando se celebran as misións, “teníamos misa voluntaria y obligatoria, con plática, a las nueve, por dos jesuitas; sesión de doce a una y de tres a cuatro de la tarde, catecismo a las seis y novena a las siete”; pero ademais, en ocasións, é o propio Administrador do centro o que imparte algunha conferencia de carácter extraordinario e non temos que esquecer a asistencia aos cursos de catequeses cunha frecuencia de polo menos dous días á semana (San José, 1988, p. 214). E cando isto non é suficiente, recórrese á extorsión ou o privilexio para engrosar a lista de convertidos: na prisión de mulleres de Amorebieta, xa avanzada a posguerra, as presas que ían á misa diaria e comulgaban recibían, de cando en vez, unha pataca no rancho, e para as que non o facían, auga soa (Cuevas, T., 2006, p. 38).

4. DENDE O OUTRO LADO: A IMAXE DOS RELIXIOSOS NA MEMORIA DOS PRESOS

O capelán ou “cura” da prisión ocupará na memoria dos presos un espazo maior que o dedicado a calquera funcionario dos centros de reclusión, incluído o Director. Tamén aquí, como noutras cuestións, a imaxe que se transmite converteuse nun estereotipo que apenas presenta variacións dun centro penal a outro: a maldade gratuíta destes personaxes, o seu talante integrista e intransixente, o odio que mostran cara os reclusos e unha actitude

adornada de todos os vicios contra os que predicar resultará ser o habitual. Aínda que en ocasións recoñécese que a única persoa que ten un trato humano cos presos será precisamente o capelán.

Algúns testemuños apuntan que a actitude xeral dos capeláns de prisións presenta dúas etapas ben diferenciadas antes e logo de 1943. Na primeira o odio cara aos presos políticos faise manifesto na linguaxe empregada, e nos sermóns é habitual que se refiran a eles como “canallas rojos, ladrones y asesinos, hombres sin Dios”; na segunda etapa a retórica dos curas modérase e finalmente os presos son cualificados de extraviados que a Igrexa pretende devolver ao camiño da verdade (Alborz, 1950, p. 69).

Pero ese odio non era puramente retórico. Por exemplo, na Prisión de Portacoeli (Valencia) cando chegaba un paquete con comida para os reclusos, o cura facía presentarse diante del aos destinatarios e na súa presenza queimaba o paquete, ou ben lles dicía: “cómete delante de mi todo lo que puedas, porque tengo que echar el resto a los cerdos” (Alborz, 1950, p. 69). Na de Pilatos (Tarragona) o capelán comunica a un preso que o seu consello de guerra foi anulado e que moi pronto se realizaría outro no que sería absoluto... e o preso será fusilado ao día seguinte (Subirats Piñana, 1999, p. 85).

Sen chegar a eses extremos, na prisión Provincial de Lugo, o capelán reunía aos reclusos en grupos de vinte e cinco para ensinarlles o catecismo, que presentaba “como una joya de inestimable valor y como panacea capaz de curar toda clase de sufrimientos”. A pesar de que o cura comezaba sempre a clase dirixíndose aos presos como “mis amadísimos”, Gregorio Sanz sinala que nunca se achegou ás celdas nin mantivo unha conversación persoal con ningún preso para informarse da súa situación, nunca levou aos presos “una palabra de consuelo, una prenda de ropa, un paquete de tabaco, algún dinero, para sembrar la más mínima esperanza, para mitigar de alguna forma la miseria en que se hallaban muchos de nuestros compañeros. A descrición que fai dun predicador que pasa pola prisión responde perfectamente ao estereotipo do cura ou misionero que podemos atopar en calquera outra e, ata, apunta a orixe do mesmo:

“tenía el aspecto típico de los frailes que habíamos visto repetidas veces caricaturizados en las publicaciones satíricas de los últimos años: alto, robusto, orgulloso, tieso como un varal, con un vientre más que normal, un rostro colorado, sanguíneo, que contrastaba fuertemente con la palidez de nuestras caras, y una mirada

desafiante, retadora, impropia de la misión que nosotros pensábamos que iba a realizar” (Sanz, 1986, p. 118).

Esta imaxe, propia dos sectores laicos e anticlericais, complementábase coa herdada do século XIX, a do cura trabucaire característico das guerras carlistas. En Valladolid, “el padre Cid daba misa portando en su faja una pistola, que con frecuencia mostraba. Los sermones solían consistir en insultos como “hijos de la pasionaria” o “hijos de mala madre” (Martín Jiménez, 2000, p. 198). Actitudes similares presenta o Pai Neto, xesuíta que visita asiduamente a Prisión Habilitada na Illa de San Simón entre 1936 e 1938, e do que recordan varios presos como con ocasión da execución dun grupo de asturianos este sacerdote golpea co seu bastón a un deles que agonizaba no chan mentres lle di: “muere, muere, rojo impío” (Caeiro, A. y otros 1995, p.121).

Outros, en cambio pretenden cumprir co seu ministerio desde a mais estrita neutralidade. Na prisión de Partido de Calatayud o capelán, ademais de dicir misa todos os domingos, visitaba a diario aos condenados á morte e non ocultaba a súa intención de preparalos para ben morrer ensinándolles a doutrina cristiá, pero tamén falaba con eles de calquera tema, e ata contaba chistes e repartía o tabaco cos presos, de modo que se pasaba o tempo sen que se tocasen para nada temas de relixión (Rufat, 2003, p. 84). En San Simón, xa na postguerra, o capelán das monxas era un sacerdote nacionalista vasco polo cal entraban e saían cartas da prisión, levaba encargos e recados aos familiares e amigos dos presos e, ata, axudaba do seu peto aos máis necesitados (San José, 1988, p. 211).

Tamén a imaxe das relixiosas é ambivalente na memoria dos presos, segundo se trate de prisións de mulleres ou de homes. Na prisión de Saturarán, a Superiora da Comunidade de Relixiosas dicía ás presas que eran delincentes e elas non estaban para practicar a caridade cristiá, senón “para hacernos cumplir nuestras condenas como tales delincentes (...) inmediatamente se hizo evidente su falta de sensibilidad, de amor al prójimo y de todas esas cosas tan falsas que forman la palabrería de esas gentes”. Tal era o temor que inspiraba esta relixiosa que cando chamaba a algunha reclusa para falarlle as demais temían pola súa integridade (Ríos, 1986, p. 120 e 147); unha situación semellante podemos atopar na prisión de Lles Corts, en Barcelona. Con todo nas prisións de homes a actitude das relixiosas parece ser, moi a miúdo, diametralmente oposta. O Director da Prisión Central de Celanova será

felicitado polos seus superiores polo traballo das relixiosas Terciarias Franciscanas que conseguen mellorar a alimentación na prisión, ata buscando persoalmente os produtos necesarios para a elaboración do rancho; na Illa de San Simón, as Irmás de San Vicente de Paúl acabarán co mercadeo que os funcionarios realizaban coa comida dos presos e, destacando a actuación da superiora que, como encargada da cociña “andaba siempre en pleitos con los proveedores”, e era a única que na Xunta de Disciplina levantaba a voz “para defender a los culpables y suavizar los castigos que les fuesen impuestos”, e ademais coidaba dos enfermos e moribundos, sen tratar de imporlles os seus auxilios espirituais (San José, 1988, p. 212).

5. CODA

É indubidable o enorme poder que a Igrexa ten no relativo á configuración e funcionamento do sistema penitenciario. Pode servir como exemplo que un feito, en aparencia trivial, como é a blasfemia faise equiparable na súa sanción a unha tentativa de fuga e, quen pronuncia pasa de inmediato a ser tratado de xeito similar ós reclusos condenados que pertenceran á masonería; tamén a indefinición deste tipo de castigos deixaba nas mans do capelán a determinación da súa duración, xa que este era o único capacitado para apreciar convenientemente o grao de arrepentimento do sancionado. A Igrexa, os seus representantes nos diferentes organismos creados para a xestión do universo penitenciario franquista —especialmente o Padroado para a Redención das Penas polo Traballo—, será quen de forma e contido a este universo, ó réxime e, especialmente, ó tratamento que reciben os reclusos. Todo sobre a base de dous criterios fundamentais, a idea de redención ou a posibilidade de redimirse dos seus erros pasados que se reconece nalgunhas categorías de presos e a necesidade de arrepentimento, de asumir que a súa pasada conduta fora errada.

Os mecanismos para conseguir esa finalidade de atraer cara o Réxime aqueles reclusos susceptibles de ser captados, serán os descritos nas páxinas anteriores e se verán complementados pola implantación dun sistema educativo que apunta cara á mesma finalidade adoutrinadora e no que, como queda sinalado, a relixión ocupará un lugar central. Para os responsables deste sistema educativo unha das fontes de inspiración será a pedagogía Manjoniana, convenientemente adaptada ó ámbito penitenciario; enténdese así que o réxime de

disciplina imposto, a educación relixiosa e o traballo permitirán “desarraigar los hábitos y modificar los caracteres que impulsaron al delito” (Castro, 1946, p. 110).

Do mesmo xeito, a explotación laboral dos presos convértese nun mecanismo adoutrinador, exaltándose as virtudes morais que se transmiten a través do traballo en si mesmo considerado. Resulta suficientemente indicativo que estas dúas últimas modalidades de socialización nas normas e valores do novo Réxime reciban a denominación de sistema de “Redención de penas”, polo esforzo intelectual no primeiro caso e polo traballo físico no segundo.

Así as cousas, non resulta difícil comprender o estado de ánimo abatido polo medo, e nalgúns casos auténtico terror, que presentan os reclusos de tendencia republicana de esquerda, socialista, comunista ou anarquista, na súa maioría cunha formación intelectual laica, ó verse obrigados a superar un exame de relixión ou realizar un tipo de prácticas que ata entón rexeitaran e, en boa medida, descoñecían completamente, como única alternativa para obter a liberdade condicional ou acceder ó sistema de redención de pena. E negarse non era una opción posible, xa que a intervención do capelán podía retrasar a saída dos reclusos da prisión. Por poñer un último exemplo, na prisión de Fyffes, en Santa Cruz de Tenerife, algúns reclusos permanecerían ata un ano máis na cadea precisamente por non ceder ás esixencias do capelán: este non só esixía o coñecemento do catecismo, senon que para obter o aprobado en relixión era unha condición indispensable que os reclusos tamén se confesaran, coa intención de “publicar su conversión”, de modo que aqueles que se negaban non recibían o aprobado (Díaz Cabrera, 1989, p. 31).

NOTAS

¹ Este artigo forma parte do proxecto de investigación HUM2007-61628/His, que dirixe o prof. Jesús de Juana López.

² *REDENCIÓN. Órgano del Patronato para la Redención de las Penas por el Trabajo*, 29 de agosto de 1942, p. 1.

³ Arquivo Histórico Provincial de Ourense (A.H.P.Ou.) Fondo Prisión Provincial. Celanova. *Memorias da Prisión, 1939/1943*, Caixa 13.057, telegrama con data 11 de febreiro de 1942.

⁴ Conferencia impartida polo vogal eclesiástico do Padroado para a Redención de Penas polo Traballo, Ignacio Zulueta, na Escuela de Estudios Penitenciarios de Madrid, publicada en *REDENCIÓN. Órgano del*

Patronato para la Redención de las Penas por el Trabajo, 16 de novembro de 1940, p. 3.

⁵ A.H.P.Ou. Fondo Prisión Provincial. *Junta Técnica del Estado/Dirección de Prisiones*, Caixa 13.020. Escrito da Inspección Delegada de Prisións de 11 de decembro de 1936.

⁶ Na prisión Provincial de Palma de Mallorca, *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 15 de novembro de 1941, p. 3.

⁷ *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 24 de xuño de 1939, p. 5.

⁸ Na prisión Central de Celanova, en 1940, o orfeón interpreta composicións relixiosas ao paso da procesión de venres santo e ao resto dos reclusos permíteselles presenciala desde as fiestras do piso superior do mosteiro. *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 6 de abril de 1940, p. 3.

⁹ CENARRO, A. (2003): “La institucionalización del sistema penitenciario franquista”, en MOLINERO, A., SALA, M. e SOBREQUÉS, J. (eds), *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo* Barcelona, Crítica, p. 143. No caso dos adultos, sinala esta autora que o bautizo ía acompañado cun cambio de nome, “para que hiciera tabla rasa de su vida, su trayectoria y su identidad anterior”. Un feito do que non temos constancia na documentación manexada e que, doutra banda, significaría un importante trastorno burocrático ao requirir o cambio en todos os documentos e rexistros nos que figura o preso.

¹⁰ TORRENT, M. (1942): *¿Qué me dice usted de los presos?*, Alcalá de Henares, Talleres Penitenciarios, px. 68 e 69. “¿ Cuándo moriré? ¡Oh, si lo supiera!” es la pregunta que según este autor “repiten a diario las voces íntimas de millones y millones de conciencias. Pues bien – responde–: el único que tiene la incomparable fortuna de poder contestarse a esa pregunta es el condenado a muerte. ‘moriré a las cinco de esta misma mañana’”.

¹¹ Arquivo do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, Ourense (A.C.P.P.A.Ou). *Dirección General de Prisiones. Circulares y otros documentos*, circular con data 19 de xaneiro de 1939.

¹² A.H.P.Ou. Fondo Prisión Provincial. *Correspondencia Celanova 191/43*, Caixa 13.041. Circular con data 27 de setembro de 1939.

¹³ A Dirección Xeral de Prisións solicitará dos funcionarios que se extreme a vixilancia para descubrir a este tipo de subversivos. A.H.P.Ou. Fondo Prisión Provincial. *Correspondencia Celanova, 1940-1942*, Caixa 13.042, escrito con data 1 de setembro de 1942.

¹⁴ *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 16 de novembro de 1940, ps. 3 e 4.

¹⁵ RÍOS, I. (1986): *Testimonio da guerra civil*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1986, p. 152.

¹⁶ A.H.P.Ou. Fondo Prisión Provincial. *Junta Técnica del Estado. Correspondencia, 1936/37*, Caixa 13.020. Escrito con data 23 de febreiro de 1937.

¹⁷ *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 4 de xaneiro de 1941, pp. 3 e 4.

¹⁸ *REDENCIÓN. Órgano... op. cit.*, 20 de decembro de 1941, px. 3.

6. BIBLIOGRAFÍA

Caeiro, A. G. (1995). *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón*. Vigo: Ir Indo.

Casanova, J. (2000). Una dictadura de cuarenta años. En J. Casanova (coord.), *Morir, Matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*. Barcelona: Crítica.

Castro, H. (Noviembre de 1946). En el Centenario del Padre Manjón. *Revista de la Escuela de Estudios Penitenciarios*.

Cenarro, A. (2003). La institucionalización del sistema penitenciario franquista. En C. Molinero, M. Sala y J. Sobrequés (eds.): *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*. (págs. 134-153). Barcelona: Crítica.

Cuevas, T. (1996). *Presas en las Ventas, Segovia y Les Corts*. Barcelona: RBA Editores.

Díaz Cabrera, D. (1989). *Once cárceles y destierro*. Santa Cruz de Tenerife: El Autor.

Eiroa Sanfrancisco, M. (1995). *Viva Franco. Hambre, racionamiento, falangismo*. Málaga 1939-1942. Málaga.

López García, B. (1992). *En las cárceles de Franco no veía a Dios*. Barcelona: Ketres.

Martín Jiménez, J. (2000). *La Guerra Civil en Valladolid (1936-1939)*. Valladolid: Ámbito.

Patronato Central Para la Redención de las Penas por el Trabajo. (1941). *La obra de la redención de penas. La doctrina, la práctica, la legislación. Memoria 1940*. Alcalá de Henares: Talleres Penitenciarios.

Prisión Escuela de Madrid. (1943). *El trabajo y la escuela en el nuevo sistema penitenciario español. Memoria de la Prisión Escuela de Madrid*. Madrid: s.e.

Ríos, I. (1986). *Testimonio de la guerra civil*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

Rufat, R. (2003). *En las prisiones de España*. Zaragoza: Fundación Bernardo Aladrén.

San José, D. (1988). *De cárcel en cárcel*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

- Sanz, G. (1986). *Uno de tantos. Cinco años a la sombra*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.
- Suárez, A. (1976). *Libro Blanco sobre las cárceles franquistas*. París: Ruedo Ibérico.
- Subirats Piñana, J. (1996). *Pilatos 1939-1941. Prisión de Tarragona*. Madrid: Pablo Iglesias.
- Torrent, M. (1942). *¿Qué me dice usted de los presos?* Alcalá de Henares: Talleres Penitenciarios.